

PLATÓN, texto 1 ABAU

-Ben. Xa vimos, segundo parece, tres calidades da cidade, e en canto á especie que resta para que a cidade alcance a excelencia cal podería ser? É evidente que a xustiza.

Pois o que establecimos dende o principio que debía facerse en toda circunstancia, cando fundamos a cidade, segundo a miña opinión, é a xustiza ou unha especie desta. Pois establecimos, se recordas, e moitas veces xa o repetimos, que cada un debía de ocuparse dunha soa cousa de entre as que concirnen á cidade, precisamente daquela na que estivese mellor preparado por natureza.

- En efecto, dixémolo.

-E que a xustiza consiste en facer o que é propio dun, sen meterse nas cousas alleas, é algo que xa oímos a outros moitos e que nos dixemos repetidamente.

-En efecto, afirmámolo frecuentemente.

-Nese caso, amigo meu, a xustiza parece que consiste en facer cada un o seu. Sabes de onde o deduzo?

-Non, pero dimo ti.

-Ao meu parecer do que temos examinado, a moderación, a valentía e a sabedoría, o que resta por ver na cidade, é o que dá a todas aquelas calidades a capacidade de nacer e unha vez nadas, permítelles conservarse, mentres pemaenza nelas. E xa dixemos que se encontrabamos as tres, a xustiza sería a que restase.

-Por forza é así.

-Non obstante, se fose preciso discernir cal destas calidades fará á nosa cidade mellor, resultaría difícil discriminar se consiste nunha coincidencia de opinión entre os gobernantes e os gobernados, ou se é a conservación da opinión consonte á lei que hai entre os militares acerca do que debe ser temible ou non, ou a intelixencia e a vixiancia entre os gobernantes; ou iso que fai mellor á cidade consiste, tanto no neno coma na muller, no escravo coma no home ceibe, e no artesán, no gobernante e no gobernado, en que cada un se ocupe do seu, sen atender ao alleo.

-Dende logo, sería difícil. Como non?

-Entón, segundo parece, en relación á excelencia da cidade, a capacidade de facer cada un o seu nela pode rivalizar coa súa sabedoría, coa súa moderación e a súa valentía.

-Pois un home xusto non diferirá en nada da cidade xusta en canto á idea da xustiza mesma, senón que será semellante.

-Semellante, en efecto.

-Porén, unha cidade parece xusta cando os tres tipos de naturezas que existen naquela fan cada un o seu; e pareceunos moderada, valente e sabia a causa dalgunhas outras afeccións e hábitos deses mesmos tipos de naturezas.

-É verdade.

-Por conseguinte, querido amigo, estimaremos que quen teña eses mesmos tipos na súa alma, a causa das mesmas afeccións que aqueles, é ben merecedor de recibir os mesmos apelativos que a cidade.

PLATÓN; República, Libro IV, 432b-435c

CUESTIONARIO TEXTO:

1. ¿Cales son as clases sociais que compoñen a república ideal de Platón?, ¿que funcións lle corresponderían a cada unha delas?, ¿cales son as súas respectivas virtudes?
2. ¿Cando se pode afirmar que unha polis é xusta?, ¿e cando xurdiría a inxustiza na cidade?
3. En base á cuestión anterior: ¿como poderíamos definir tan só mediante unha palabra o que é a xustiza?, ¿que sería a inxustiza, expresado nun só concepto? Razoa as respostas.
4. Unha vez definida á xustiza na cidade, Platón pasa a analizar que sería a xustiza no home asunto que o leva a indagar acerca da alma. Indica as distintas partes da alma que distingue Platón. Caracteriza cada unha delas. ¿Que cometidos deben desempeñar cada unha das partes da alma?, ¿que calidades ou virtudes lle corresponden?
5. ¿Cando un home é xusto?, ¿que diremos que é a xustiza referida ao individuo? Pola contra: ¿cando falamos dun home inxusto?, ¿que sería a inxustiza referida ao individuo?
6. ¿Que paralelismo existe entre as partes da alma e as partes da cidade?, ¿e entre a xustiza no home e a xustiza na república?